

Informe sobre o nome da comarca: *O Barbanza, A Barbanza, Barbanza?*

O Parlamento de Galicia aprobou no seu día a Lei 7/1996, que prevía no seu art. 27 un Plan de desenvolvemento comarcal que se concretaría nun mapa comarcal. E o 3.4.1997 a Consellería de Presidencia e Administración Pública aprobou o mapa comarcal de Galicia. Unha das Comarcas que nacen formalmente nese Decreto é *A BARBANZA*: que comprende os concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal (A), Rianxo, Ribeira. (DOG 65 de 3.4.1997). *A Barbanza*, polo tanto, con artigo feminino, é hoxe para tódolos efectos o nome oficial desa Comarca.

Todo isto, sen prexuízo de que nun futuro, e a solicitude da Xunta de Galicia que é quen, como se dixo, ten as competencias, cumpra revisar este topónimo, dada a vacilación do xénero do artigo, tanto na documentación histórica coma na actualidade, en que parece que a forma xa consolidada na actualidade é a masculina.

